

Saída a Xeoparque Cabo Ortegal.

O martes 24 de outubro o alumnado de 4º de ESO de Bioloxía e Xeoloxía fixemos unha saída a o [Xeoparque de Cabo Ortegal](#). O xeólogo **Fran Canosa** explicounos petroloxía e xeomorfoloxía da zona. O Xeoparque ten ademáis dunha espectacular xeografía, con uns dos cantís dos máis altos de Europa, unha singularidade; é dos poucos lugares onde pódese ver parte do manto e codia mariña que cabalgou enriba do continente. É unha viaxe ao interior terrestre.

Parada 1



Comezamos co tempo e a cronoloxía da Terra e das placas tectónicas do Cabo Ortegal. Para isto Fran amósanos un calendario, o cal nos serve para imanixar como se distribuirían os miles de millóns de anos de creación nun só ano.

Sobre un mapa xeolóxico vemos a historia xeolóxica de Galicia e a clasificación e a distribución das rochas en Galicia. Tamén como afectou a Oroxenia Varisca e Alpina (tecleado)



Xeoparque Cabo Ortegal. 1

Parada 2




Nesta parada, Fran fala de Santo Andrea como os cantís máis altos da Europa continental, debido aos efectos da oroxenia Alpina.





Fran explicáanos como evolucionou ao longo do tempo o nivel do mar e as súas variacións, os pequenos glaciares que houbo na zona e os seus procesos individuais de deslizamento e como se asentou Santo Andrea nestes depósitos glaciais.

Parada 3



Nesta parada fálanos das Granulitas, rochas metamórficas da base da codia terrestre. Son rochas bandeadas con: bandas claras=aluminio e escuras=ferro.




Os granates caracterizan a estas rochas.

Parada 4




Nesta parada, observamos o cambio xeolóxico entre a codia e o manto terrestre, coñecido coma discontinuidade de Mohorovic. Aquí apreciamos como cambia a cor das rochas peridotitas magmáticas do manto negras o de cor marrón por conter fe e oxidarse, e as da base da codia, grises.



Parada 5

Vemos aquí a Peridotita. É verde pero o ferro ao oxidarse faina ver marrón.



Estrutura en acordeón.



Parada 6

Ensenada de cortes. Cantís.



Foi un lugar onde antiguamente leváronse aos animais e por eso puxeronlle ese nome. Aínda agora podemos ver algún ganado. Dende aquí podemos ver a Ría de Cedeira.

Parada 7



Os cantís son dos máis alto de Europa e o 1º de Europa Occidental, encóntrase a 620 metros do nivel do mar. Observamos ao lonxe o cabo Estaca de Bares, o punto de Galicia máis preto de Inglaterra que de Cádiz.

Parada 8

Dique e a ambos lados; dunha banda peridotitas e da outra granulitas.



Esto formouse a partir dunha falla normal a moitos km de profundidade. Por ela circulaba auga con moito sílice. Ao pasar polo oco exercía presión facendoo cada vez máis grande, aumentando o espazo. Toda esa brecha enchíuse de auga, secou e formouse xeixo.

Na vexetación, no cambio de cor desta, apréciase perfectamente os dous substratos diferentes; á esquerda básica (unha peridotita) e a dereita, ácida (unha granulita)





Parada 9

No porto de Cedeira.



Fran Explícanos que as pedras rompen pero non se dobran, sen embargo si se lle pon calor poden chegar a facelo. A pendiente xeotérmica para que unha rocha chegue a dobrarse encóntrase a 10 km de profundidade.

Clasificación das dobras:

- Atendendo a idade do pregamento pode ser anticlinal o sinclinal.
- Atendendo a forma: se poden diferenciar en antiforme e sinforme.